

Boletín CAIA 23

Outubro 2025



IV Encontro Autonómico de Consellos Locais de Participación Infantil e adolescente

A fin de semana do 18 e 19 de Novembro celebrouse na Residencia de Ocio e Tempo Libre de Panxón o cuarto Encontro Autonómico de Consellos Locais de Participación Infantil e adolescente, onde participaron os concellos de Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, Tomiño, Tui, A Laracha, Teo e o CAIA. Durante a fin de semana leváronse a cabo 4 liñas de traballo que trataban a saúde mental, a non discriminación, o ciberacoso e a privacidade co fin de chegar a unhas propostas dirixidas a UNICEF e as distintas administracións e de crear un manifesto que será publicado por dita ONG o 21 de novembro no Parlamento Galego por motivo da celebración do Día dos Dereitos dos/as Nenos/as.



A infancia reúne co ministro de Consumo para pedir unha publicidade de alimentos respectuosa coa infancia e adolescencia

O "Colectivo de Acción para el Juego y la Educación" (CAJE) reúne co ministro de Consumo para destacar a importancia dunha publicidade alimentaria respetuosa, alegando que están expostos/as a anuncios de alimentos e bebidas non saudables e propoñen:

1. Que os anuncios de comida e bebida sean máis realistas
2. Que as bebidas enerxéticas só podan anunciarse a maiores de 18 anos
3. Que se inclua unha mensaxe d advertencia dos riscos do consumo excesivo de produtos ultraprocesados



4,5% dos fogares non poden comprar roupa nova aos fillos e fillas menores de 16 anos e o 6,4% non pode costear excursións ou eventos escolares

O informe sobre Privacións materiais na Infancia, que analiza os datos máis recentes da Encosta de Condicións de Vida (ECV) mostra que a pobreza limita as oportunidades de socialización, ocio e aprendizaxe, impedindo o acceso a actividades fundamentais como participar en actividades de ocio ou dispoñer de equipamento recreativo ao aire libre. Os nenos e nenas piden que ningún neno/a pase fame, viva nunha casa sen luz ou deixe de ir a actividades pola falta de diñeiro, a través dun manifesto da infancia contra a pobreza e pola igualdade de oportunidades.



“UNICEF pide máis apoio á saúde mental de nenos e mozos”

No Día Mundial da Saúde Mental, UNICEF lembra que un de cada sete adolescentes no mundo ten algún problema de saúde mental e que moitos non buscan axuda por medo ao estigma. En España, 4 de cada 10 mozos recoñecen ter padecido malestar emocional no último ano. A organización reclama máis recursos, prevención e atención temperá, así como o apoio ás familias e ás escolas para promover o benestar emocional da infancia e da mocidade.



«Unha cidade sen nenos/as na rúa é unha cidade que está morrendo»

O filósofo Thierry Paquot reflexiona no seu libro “Pays de l'enfance” sobre a necesidade de adaptar as cidades a infancia. Pide que se repensen as infraestruturas e espazos das cidades partindo das necesidades da infancia e das actividades escolares e extraescolares e quere preguntarlle aos nenos e as nenas o que queren, mentres que, as persoas adultas poden empezar por ralentizar o tráfico ou adaptar as sinais e o mobiliario urbano a altura dos/as máis pequenos/as



Eurochild denuncia a hipocrisía europea ante a crise infantil en Gaza


A organización Eurochild denuncia a situación de miles de nenos atrapados en Gaza, onde a violencia, os asedios e a desnutrición agudizan as súas condicións de vida. A pesar de que moitos destes nenos xa recibiron resolucións positivas para reunificación familiar con países da UE, non se lles permite saír da zona de conflito. Eurochild critica a resposta tibia e fragmentada das institucións europeas, que contrastan coa indignación cidadá expresada en masivas manifestacións en toda Europa. A organización insta á Unión Europea e aos seus Estados membros a garantir unha saída segura para estas familias, cumprir os compromisos internacionais en materia de dereitos infantís e actuar con coherencia e valentía para protexer aos nenos afectados pola guerra.



A Plataforma de Infancia denuncia a exclusión de servizos pediátricos do sistema público

A Plataforma de Infancia advertiu de que moitos servizos pediátricos están a quedar fóra do sistema público de saúde, o que pon en risco o dereito á saúde de nenos e nenas en España. A entidade reclama garantir unha atención pediátrica completa, gratuíta e accesible, con profesionais especializados en todas as etapas da infancia. Tamén pide reforzar os recursos sanitarios e reducir as desigualdades territoriais que afectan á calidade e dispoñibilidade destes servizos esenciais.

Experiencias de aquí e de alá



A Plataforma Eurochild insta a Bélxica a activar a Garantía Infantil Europea

A organización Eurochild, a través da súa filial en Bélxica, Kinderrechtcoalitie Vlaanderen, denuncia que nenos e nenas en situación de vulnerabilidade seguen sen beneficiarse da Garantía Infantil Europea. Aseguran que as políticas actuais non son suficientes para garantir acceso universal a servizos clave como saúde mental, coidados infantís, educación, vivenda e alimentación saudable. Recomendán que Bélxica desenvolva un plan nacional con obxectivos claros, orzamentos asignados e prazos definidos, e que se fortaleza a coordinación entre os diferentes niveis de goberno e a participación activa da sociedade civil e da infancia. Destacan a necesidade de establecer mecanismos de seguimento e rendición de contas para que a Garantía Infantil se converta en acción real e efectiva.



A felicidade dos nenos e das nenas polo alto o fogo de Gaza

Tras 2 anos de bombardeos contra o pobo de Gaza que deixa máis de 64.000 nenos e nenas falecidos/as ou feridos/as, pactase un acto o fogo que deixa testemuñas como esta:

Maisara, de 13 anos:

«Sentíame feliz no momento en que escoitei a noticia do alto o fogo. Por fin poderei regresar á miña cidade do norte, porque, coma todos os nenos, estamos cansas da guerra. Queremos volver vivir a nosa infancia. O que máis me alegra é que xa non sufiremos fame».

«Abrazarei a terra da miña cidade porque a botei moitísimo de menos. Volver á miña cidade significa regresar á escola e á nosa vida normal».

Testemuña en primeira persoa



*Iván A. Malvido
Representante do Voces Novas
Concello de Tomiño*

A fin de semana do 18 e 19 de outubro asistimos ao IV Encontro Galego de Consellos Locais de Participación Infantil e Adolescente e dende o CAIA podemos afirmar que foi unha experiencia gratificante.

O primeiro día despois da xornada de inauguración puidemos coñecer a compañeiros e compañeiras doutros concellos e presenciamos unha competición de surf adaptado. As instalacións eran moi aradables e a paisaxe tamén axudaba. No encontro puidemos expresar a nosa opinión sobre como nos afectan as novas tecnoloxías e as redes sociais a través das xornadas de traballo, creamos un manifesto e un podcast que temos moitas ganas de ver xa montado.

Na miña opinión, este encontro resultou nunha moi boa fin de semana con axuda de todas as monitoras e dinamizadoras que nos iban axudando paso a paso.